

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 244/2026 de día 22.04.2026 no que se convoca a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello

<<Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DÍA 23 DE ABRIL DE 2026**
EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000005

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 22.04.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria e urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 23.04.2026 ás 09:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 23.04.2026**
- 2 MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**
- 3 APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2026 E LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO**



TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).